

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 5 DE AGOSTO DE 2010.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as doce horas e dez minutos do día cinco de agosto de dous mil dez, baixo a Presidencia do sr. alcalde-presidente don Iván Puentes Rivera, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, dona María del Carmen Silvar Canosa, dona Amalia García Balado, don Juan Manuel Lourido González, dona Rocío Rey Sampayo, dona Rita María Couto Seijido, dona Inés Roca Requeijo, don Manuel Vicente Pico Sanmartín, don Edgar Antonio Vigo López, don Manuel Polo Gundín, don Gumersindo Pedro Galego Feal, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Juan José Franco Casal, dona María del Pilar Fornos Corral e don Manuel Sánchez Martínez.

Ausente: José A. López Rodríguez

Secretario:

Don Jesús Tallón García.

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

ORDE DO DÍA:

1º.- Aprobación da Conta Xeral do exercicio 2009 do Concello de Fene.

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Especial de Contas de data 25 de xuño de 2010 que, transcrito literalmente di:

“1º.- Ditame da Conta Xeral do Exercicio 2009

Formada a Conta Xeral do exercicio 2009 pola Intervención Municipal, procede a sometela ao informe e e ditame da Comisión Especial de Contas en virtude do disposto no TR da Lei reguladora das FFLL.

Visto o informe de intervención de data, un de xuño de 2010, e que transcrito literal dí:

“ASUNTO: INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE A CONTA XERAL DE 2009

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- ◆ RDL 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais
- ◆ Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia ; art. 212.4

- ◆ Orde do 23 de novembro de 2004, pola que se aproba a Instrucción de Contabilidade da Administración Local (ICAL), regras 97 e seguintes.

De acordo cos artigos 208 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e Regras 97 e seguintes da Instrucción de contabilidade para a Administración Local aprobada por Orde de 23 de novembro de 2004, ó remate do exercicio orzamentario este Concello formou e elaborou os Estados e Contas Anuais regulados na normativa citada, que pon de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario pola entidade local.

Así mesmo a Conta Xeral da entidade local deberá estar formada pola Intervención, segundo a normativa con anterioridade citada, para someterse ó dictame da Comisión Especial de Contas antes do primeiro de xuño do exercicio seguinte ó que corresponda, e renderse ó Consello de Contas de Galicia antes do 15 de outubro do mencionado exercicio.

## ANTECEDENTES

Con data de 20/05/2010 o Sr. Alcalde en calidade de contandante, remite a esta Intervención a documentación necesaria para a formación da citada conta.

Asimesmo, por parte desta Intervención requeriuse con data de 20/05/2010 ós departamentos afectados informe específico ós efectos de incorporación dos datos á conta xeral. Estes datos son facilitados en sendos informes de 26/05/2010 e 25/05/2010.

### Primeira parte

Segundo a Regra 98 da ICAL as contas e estados anuais das Entidades Locais e os seus Organismos Autónomos constarán das seguintes partes:

- a) Balance de situación.
- b) A Conta do resultado económico patrimonial
- c) O estado de liquidación do orzamento.
- d) A memoria.

A estes estados anuais engadiranse a documentación a que fai referencia a Regla 98.3, esto é:

- a) Actas de arqueo das existencias na caixa referidas a fin de exercicio.
- b) Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local ou do organismo autónomo referidas a fin de exercicio.

A conta xeral do Concello de Fene do ano 2009 formada por quen informa inclúe os estados e documentos anteriormente detallados.

Por último, tamén se acompañan, a relación de informes de reparos formulados pola Intervención Xeral do Concello en papel, no exercicio das súas facultades de control de legalidade levado a cabo de acordo co contido do artigo 214 e seguintes do TRLRFL, que constan nos expedientes correspondentes, e a eles se remite ós efectos oportunos.

### a) BALANCE DE SITUACIÓN.

O balance de situación é un estado financeiro que expresa a composición e situación do Patrimonio o día do peche do exercicio antes da aplicación de resultados.

Neste balance distribúense os elementos patrimoniais nos grupos xerais de Activo e Pasivo, ordenados de acordo á súa liquidez ou a súa esixibilidade respectivamente.

Ademais das Contas Patrimoniais, tanto no Activo como no Pasivo do Balance, figurarán as contas de control orzamentario e de orde que correspondan.

O total do Activo e Pasivo desta Entidade Local ascende a 31.539.671,70 euros

O balance de situación debe reflexar a imaxe fiel da situación patrimonial do Concello, polo que a conta 120 (Resultados de exercicios anteriores) que aparece cun saldo de 3.096.392,66 euros é necesario que se salde con abono á conta 100 (Patrimonio).

Estos axustes non teñen incidencia algunha nos indicadores orzamentarios básicos da entidade: resultado orzamentario, remanente de tesourería, etc. Só supoñen variacións en términos de contabilidade financeira.

#### b) CONTA DE RESULTADO ECONOMICO PATRIMONIAL.

A conta do resultado económico patrimonial presenta este resultado, é dicir, o aforro positivo ou negativo, referido a un exercicio, obtido por comparación do dúas correntes, positiva e negativa, desenrolada cada unha delas en función da natureza económica da operación, e recollendo:

- A positiva, os ingresos e beneficios.
- A negativa, os gastos e as perdas.

O saldo da conta do resultado económico patrimonial para o exercicio de 2009 reflexa un aforro de 2.760.298,89 euros.

#### c) LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS.

A liquidación do orzamento de gastos, arroxa os seguintes datos:

-Créditos orzamentarios: a columna de “créditos orzamentarios” recolle , a través da súa división en “Iniciais” e “Modificacións”, o importe dos créditos inicialmente aprobados no Orzamento para cada aplicación orzamentaria, así como os aprobados en posteriores modificacións ó longo do exercicio, respectivamente. A suma de ambas columnas constitúen os créditos definitivos, que ascenden a 15.901.098,48 euros.

-Gastos comprometidos: o total de gastos comprometidos no exercicio 2009 ascendeu a 12.023.209,82 euros.

-Obrigas recoñecidas netas: esta columna recolle, por cada aplicación orzamentaria, os créditos esixibles contra a Entidade ó longo do exercicio, deducidas as anulacións, por un importe de 11.541.843,77 euros.

-Remanentes de crédito: esta columna recolle, para cada aplicación orzamentaria, o saldo de créditos definitivos non afectados ó cumprimento de obrigas xa recoñecidas. O total dos remanentes de crédito do exercicio 2009 ascenderon a 4.359.254,71 euros. Estes importes obteranse pola diferenza entre créditos definitivos e obrigas recoñecidas. Do total de remanentes de crédito, 481.366,05 euros corresponden a remanentes comprometidos e 3.877.888,66 euros a non comprometidos.

-Obrigas pendentes de ordear o pago a 31-12: esta columna recollerá para cada aplicación orzamentaria, o importe de obrigas recoñecidas das que o pago se atope pendente de ordear a 31 de decembro, que suman un total de 995.945,12 euros.

-Pagos realizados: na que se recollen os pagos totais realizados pola Entidade ó longo do exercicio, os reintegros de corrente que tiveran lugar no mesmo período de tempo e os pagos líquidos que se obterán, para cada aplicación orzamentaria, pola diferenca entre as dúas columnas anteriores, e que no 2009 alcanzaron o importe de 10.545.898,65 euros.

#### e) LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS.

Do análise da liquidación do orzamento de ingresos do exercicio 2009, obtéñense os seguintes datos:

As previsións iniciais, que ascenden a 10.999.164,13 euros, as modificacións das previsións (6.474.792,94 euros ), e as previsións definitivas, que suman un total de 17.473.957,07 euros.

Os dereitos recoñecidos netos recollerá o importe dos dereitos liquidados a favor da Entidade ó longo do exercicio, deducidas as anulacións e ascende a 11.923.785,81 €.

A recadación neta realizada ó longo do exercicio 2009 ascendeu a 10.851.560,96 euros.

Os dereitos pendentes de cobro a 31/12/09 importan 1.072.224,85 euros.

#### f) RESULTADO ORZAMENTARIO.

A través deste estado determinarase o Resultado orzamentario obtido no exercicio pola diferenca entre o importe de dereitos recoñecidos netos e obrigas recoñecidas netas, axustado en función das desviacións de financiamento positivas ou negativas derivadas de gastos con financiación afectada.

O Resultado Orzamentario do ano 2009 é o seguinte:

Dereitos recoñecidos netos (+)	11.923.785,81
Obrigas recoñecidas netas (-)	11.541.843,77
Desviacións positivas de financiación (-)	191.773,13
Desviacións negativas de financiación (+)	995.815,44
Gastos financiados con RLT (+)	105.962,67
-----	
Resultado orzamentario axustado	1.291.947,02

Achéganse asemade os seguintes anexos xunto coa liquidación:

1. Estado de Remanente de Tesourería: o remanente de tesourería total está composto polo remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado e polo remanente de tesourería para gastos xerais. A desagregación para o exercicio 2009 é o seguinte:

Debedores pendentes de cobro (+)	1.274.622,02
Acreedores pendentes de pago (-)	1.986.752,78
Fondos líquidos de Tesourería (+)	1.693.323,88
-----	
Remanente de Tesourería Total	981.193,12

Remanente de Tesourería para gtos. financ. Afectada	287.044,82
Dudoso cobro	190.629,39
Remanente de Tesourería para gastos xerais	503.518,91

Esta magnitude foi analizada tamén no informe da liquidación pola Interventora municipal, polo que ó mesmo me remito.

#### g) MEMORIA.

A Memoria, pola súa parte, aparece estruturada en 22 apartados, e ven a completar, ampliar e comenta-la información contida no balance, a conta do resultado económico patrimonial e o estado da liquidación do orzamento.

Os apartados da memoria incluídos na conta xeral son os seguintes:

1. Organización.
2. Xestión indirecta dos servizos públicos.
3. Bases de presentación das contas.
4. Normas de valoración.
5. Inversións destinadas ó uso xeral.
6. Inmovilizacións inmateriales (sen contido).
7. Inmovilizacións materiais.
8. Inversións xestionadas (sen contido)
9. Patrimonio público do solo.
10. Inversións financeiras
11. Existencias (sen contido)
12. Tesorería.
13. Fondos propios
14. Información sobre o endebedamento
15. Información das operacións por administración de recursos por conta doutros entes públicos ( sen contido).
16. Información das operacións non orzamentarias de tesourería.
17. Ingresos e gastos.
18. Información sobre valores recibidos en depósito.
19. Cadro de financiación.
20. Información orzamentaria.
21. Indicadores
22. Acontecementos posteriores ó peche.

#### Segunda parte

##### PRINCIPIO DE IMAXE FIEL

A aplicación dos principios contables públicos (entidade contable, xestión continuada, rexistro...,) deberá conducir a que as contas anuais formuladas con claridade expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, da execución do orzamento e dos resultados da Entidade.

Na medida en que a información contida na Conta Xeral da Entidade ten que reflexar a imaxe fiel do patrimonio, cabe destacar os seguintes aspectos no Balance de Situación:

No activo do Balance aparece reflexado o saldo das contas de inmovilizado como construcións, maquinaria, elementos de transporte, mobiliario, etc. O importe con que

aparecen estos saldos corresponde co precio de adquisición, xa que de conformidade cos criterios de valoración establecidos no Plan de Contabilidade aplicable á Administración Local, os bens comprendidos dentro do inmovilizado material valoraranse ó precio de adquisición ou coste de produción. Sen embargo, añade este criterio de valoración, que en todos os casos se deducirán as amortizacións practicadas, as cales se establecerán en función da vida útil do ben, atendendo á depreciación que normalmente sufran polo seu funcionamento, uso e disfrute, e sen prexuízo de considerar tamén a obsolescencia que puidera afectarlles.

Indicarse por outra banda, que os datos que nos ofrece o balance de situación en relación cos bens do inmovilizado non reflexan a realidade actual ó carecer dun inventario de bens debidamente valorado e actualizado.

Neste sentido debe recordarse o xa informado pola Secretaría municipal en informes nos que se pon de manifesto "... no documento que obra en esta Secretaría denominado "Inventario xeral dos bens e dereitos correspondentes a esta Corporación confeccionado con referencia ó 31 de decembro de 1999...

....Polo tanto, dende o punto de vista formal, e sen prexuízo de consideracións que, no seu caso, poidan facerse verbo do seu contido, cómpre informar que o documento que se atopa nesta Secretaría no ofrece garantías de autenticidade..."

... Polo exposto, pola que suscribe se informa que o Inventario de bens que obra na Secretaría non constitúe unha base documental fiable polos motivos exposto, nin estar actualizado..."

Hai que destacar que todos estes apuntes contables relativos ás dotacións para as amortizacións anuais que sería preciso efectuar antes do próximo peche de exercicio son simples asientos directos na contabilidade, e non teñen incidencia sobre os verdadeiros indicadores financeiros e orzamentarios da entidade: resultado orzamentario, capacidade de endebedamento, remanente de tesourería, saldo de débedas pendentes, etc. Non obstante, considerouse por esta Intervención conveniente incluír esta información no informe da conta xeral para o seu coñecemento.

## REPAROS DE LEGALIDADE

Coa documentación obrante nesta Intervención os reparos suspensivos formulados pola Intervención durante o exercicio 2009, son os seguintes:

Reparos formulados pola Interventora acumulada Dna. Cristina Morán Monzo:

ALCALDE		
DATA	ASUNTO	IMPORTE
21/04/09	Adxud. Contratos menores servicios	13.392,19 €
24/04/09	Adxud. Contratos menores servicios	14.562,13 €
30/04/09	Adxud. Contratos menores servicios	3.917,76 €
20/05/09	Aprobación de facturas	23.995,76 €
26/05/09	Adxud. Contrato menor servicios	10.866,42 €

Reparos formulados por esta Intervención no exercicio 2009:

ALCALDE		
DATA	ASUNTO	IMPORTE
23/01/09	Aprobac. gratificacións extraordinarias func.	1.526,00€
06/02/09	Adxud. Contrato menor servicios	4.598,01€

06/02/09	Adxud. Contrato menor servicios	4.598,01€
18/02/09	Adxud. Contrato menor servicios	7.163,61€
18/02/09	Aprobac. Incremento retributivo: "axudas sociais"	17.100 €
18/09/09	Aprobac. Certificacións obra	178.147,30€
06/11/09	Adxud. Contrato admvo. Especial	240.630,16€
09/11/09	Expte. Responsab. Patrimonial	153,21 €
20/11/09	Aprobación nóminas p. funcionario	169.443,62€
30/12/09	Prórroga contrato laboral temporal	

PLENO

DATA	ASUNTO	IMPORTE
23/11/09	Recoñ. Extraxudicial 1/2009	243.829,33€

Asimesmo a relación de reparos non levantados polo órgano competente, neste caso a Alcaldía, é a seguinte:

Data do informe	Asunto	Importe
01/10/08	Complemento maiores 60 anos	52,78 €/mes
18/02/09	Concesión "Axudas fondo social"	17.100 €

Nestes dous casos, e coa documentación obrante nesta Intervención, consta que en ámbolos dous casos se continuou o procedemento de maneira que os gastos foron aprobados e pagados e todo elo sen que previamente pola ALcaldía (órgano competente) se procedese ó levantamento dos reparos suspensivos nos termos a que fai referencia o artigo 217 do TRLRFL.

TRAMITACIÓN:

Polo que respecta ó procedemento, o Alcalde-Presidente, como contandante (en virtude da regra 103) debe remitir antes do 15 de maio do exercicio seguinte ó que correspondan as contas anuais da entidade á Intervención do Concello que será a encargada de formar a Conta xeral.

A Conta Xeral formada pola Intervención someterase ó Informe de Comisión Especial de Contas para a súa análise e dictame, antes do un de xuño do ano seguinte ó que corresponda.

Previamente estará a disposición dos membros da Comisión Especial de Contas a documentación relativa á Conta Xeral para examen e consulta por un periodo mínimo de 15 días.

Emitido ese informe, será exposta ó público por prazo de quince días, durante os cales e oito máis os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións en virtude dos artigos 116 da LBRL e 212.3 do TRLRFL.

Por último, a Conta Xeral someterase ó Pleno para a súa aprobación, que deberá efectuarse antes do un de outubro do ano seguinte.

Con respecto ós prazos anteditos, o ALcallde remitiu fóra de prazo as contas anuais a esta Intervención, non podendo ser formada a Conta Xeral en prazo suficiente para ser sometida a informe da Comisión Especial antes do 1 de xuño.

E todo canto procede informar en canto á Conta Xeral do exercicio 2009.

Fene, a de 1 de xuño do 2010.  
A INTERVENTORA  
Asdo.: Marta Roca Naveira”

Non producíndose intervencións, e sometido pola Presidencia, o asunto a votación ordinaria, a Comisión Especial de Contas acorda, con 4 votos a favor – dos sres/as Concelleiros do PsdeG-PSOE- e 3 abstencións – dos sres/as Concelleiros do BNG (2) e EU (1) e ningún voto en contra, ditaminar favorablemente a Conta Xeral do Concello de Fene do exercicio 2009 nos termos que constan no expediente.”

Logo de ver a proposta da Alcaldía de data 2 de agosto de 2010, que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA DE ACORDO DE APROBACION DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2008

O presente expediente ten por obxeto a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2009 do Concello de Fene.

Cumprimentado o trámite legal de exposición ó público de dita Conta Xeral previsto no art. 212 do TRLRFL, aprobado por RDL2/2004, de 5 de marzo e non habéndose presentado ningunha reclamación, procede elevar ó Pleno, co dictame favorable da Comisión Informativa de Contas a seguinte proposta de acordo:

1º Aprobar a Conta Xeral do Concello de Fene correspondente ó exercicio 2009 nos termos que constan no expediente, integrada polas contas anuais do concello así como pola documentación complementaria legalmente establecida.

Fene, a 2 de agosto de 2010.  
O Alcalde  
Asdo.- Iván Puentes Rivera.”

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que dende o BNG felicítanse de que se aprobe dentro do prazo aínda que non se iniciase o procedemento en prazo. Di que no ano dous mil nove non houbo orzamento e houbo seis millóns de euros en variacións, modificacións orzamentarias que implicaron un trabado esforzo administrativo e di que hai improvisación política e abuso deste tipo de modificacións, coma por exemplo o acontecido no derradeiro Pleno, no que se volveu a pór de manifesto e di que se ralentizou a maquinaria administrativa, fundamentalmente pola ausencia de orzamento. Prosegue dicindo que quere destacar dous aspectos, un primeiro que é que se disparan os gastos do capítulo II, en oito centos mil euros, por non facer un control e que se saltan en moitos casos, segundo o que se recolle nos informes, as formas de contratación, e en segundo lugar que cando se sinala que se aforra máis que en anos anteriores é certo, pero é certo por dúas cuestións, porque se ingresa máis no ano dous mil nove porque aparece un Plan E, por desgraza, xa que hai unha crise económica gravísima e se insufla unha gran cantidade de cartos por parte do Estado, dous millóns e medios de euros, pero resulta que si se comparan as subvencións do ano dous mil nove coas do ano dous mil oito hai unha perda relativa de catro centos mil euros, o que significa que o incremento no ano dous mil nove foi de tan só dous coma un millóns de euros, cando o Plan E foron dous coma cinco millóns de euros e cando desapareza este Plan as achegas de subvencións doutras Administracións vanse ver moi afectadas e a capacidade orzamentaria para actuar fóra do estritamente básico do Concello vaise ver agravado dun xeito importante, que eles o avisaron no orzamento e o avisan tamén neste debate da conta xeral de que hai que ser moi rigorosos co gasto, fundamentalmente do capítulo II, xa que si



non é así o que vai haber o vindeiro ano é outro recoñecemento extraxudicial de facturas non pagadas, un montón de provedores pendentes de pagamento e uns servizos, aínda por riba, subcontratados e mal prestados. Prosegue o concelleiro dicindo que tamén lle preocupan as achegas de subvencións, que é unha cantidade moi significativa e que están reflectidas pero case todas pendentes de executar e cita o PCC, POS, o tractor que leva máis dun ano, e afirma que só se executou o Plan E, polos prazos tan exstrictos que marcaban as súas bases e pouco máis. Conclúe coma resumo que hai que ter unhas ideas claras, que o endebedamento medra, xa que entra en vigor o crédito da depuradora, que son catro centos mil euros que estaban pedidos co que no ano dous mil nove a débeda bancaria sube ata os tres millóns dous centos mil euros, e non é certo o que repite o Sr. alcalde unha e outra vez de que se baixa a débeda bancaria xa que se incrementa, está cerca do trinta por cento da capacidade do Concello, lonxe aínda do límite do cento dez por cento que permite a Lei e que non hai advertencia de que non exista capacidade económica para o pagamento deses créditos polo que pensa que non hai que facer demagogia con isto, que a eles o que lles preocupa é ese máis dun millón de euros que está pendente de pagamento, que o grupo de goberno está a dicir que aforran, e o concelleiro sostén que aforran porque non gastan, que o nivel de execución das obras está no setenta e tres por cento, que non se gastan os cartos das obras nin das subvencións pendentes e non se pagan a provedores, polo que así si que se aforra, pero porque non se paga, que é un aforro virtual.

Continúa o concelleiro Manuel Polo Gundín dicindo que con estas consideracións eles entenden que a conta xeral do ano dous mil nove reflexa o mal facer económico por parte do goberno municipal e que lles sorprende ademais que se fixeran un par de reparos suspensivos e que por parte da Alcaldía se tomara o acordo de pagar eses gastos sen levantar o reparo, co cal se salta esa figura excepcional que marca a Lei que é o levantamento do reparo por parte do alcalde no caso de discrepancia á hora do pagamento respecto dos informes da Intervención municipal e entenden que hai momentos e respostas políticas que poden xustificar o levantamento dun reparo suspensivo, pero o que non entenden é que se efectúen os pagamentos sen o levantamento de reparos, que en todo caso o Consello de Contas e o Tribunal de Cuentas saberán o que teñen que facer si revisan isto, que aínda que non son cantidades moi elevadas trátase dun modus operandi bastante preocupante.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que non queren ser reiterativos xa que comparten o que se acaba de dicir e que sinxelamente dende o seu partido lles gustaría que, aínda que só fora un cincuenta por cento das recomendacións que fai Intervención se tiveran en conta, sobre todo naquelas cousas que eles consideran graves e que volven repetir agora o xa dito no Pleno dos Orzamentos, que é o tema da débeda bancaria, da débeda con provedores e o tema dos gastos de persoal, que o feito de que houbo modificacións de crédito todos os días é proba de que falla previsión. Prosegue dicindo que non houbo contención no gasto nin claridade en contratación e que lle seguen a preocupar triunfalismos coma os de dicir que hai un resultado positivo e un remanente de tesourería líquido de cincocentos mil euros e di que iso é precisamente así por non traballar, que non é ningún logro, que non se fan as cousas coma se teñen que facer, xa que ese remanente de tesourería non tiña que estar aí cando se está a deber un millón de euros de facturas a provedores. Que eles non votaron a favor do orzamento e neste asunto vanse abster, e que logo de ver que o grado de execución é do setenta e tres por cento xa se verá o grado de execución do orzamento aprobado antonte, que se poderá ver nas contas xerais dos próximos anos, nas que se reflexarán as cargas financeiras de corenta e cinco mil euros que se acaban de aprobar, co aumento dos gastos de persoal e cos gastos correntes que aumentan un sete con noventa e cinco por cento van ser dignas de ver, segundo o que di o informe de Intervención.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que a súa posición xa é coñecida segundo o dito na Comisión e o único que quere salientar é que se faga caso e se respecten as recomendacións que fan os técnicos, neste caso Intervención.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro delegado de Facenda Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, que manifesta en relación coas intervencións dos voceiros dos grupos municipais do BNG e do PP que cando din que son optimistas o din por comparación, que non é perfecto, pero os datos obxectivos da Facenda municipal son mellores que no ano dous mil seis e sete, que neste Concello durante quince anos se recorreron a operacións de crédito para o pagamento de nóminas, por falla de liquidez, e iso non significa que se traballara ben, xa que segundo a teoría do portavoz do PP, coma non había liquidez, había negativo en tesourería e había que pedir, e se traballaba ben, pero segundo os datos obxectivos do orzamento prorrogado do ano dous mil nove son dun aforro neto dun millón dous centos mil, que o din os servizos de Intervención e que hai unha tesourería líquida de máis de medio millón de euros, que a débeda financeira é do vinte e nove por cento e que hai capacidade ata o cento dez por cento, que non se pode comparar cos datos do Concello de Madrid, no que a súa débeda é do vinte e cinco por cento da débeda dos Concellos de España, sete mil millóns de euros, que multiplica por vinte a débeda do Concello de Fene e este é o exemplo do Partido Popular. Di que esta conta estivo a exposición público de todo o mundo e que ninguén a recorreu.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que ten razón o concelleiro de Facenda cando di que non se pode facer demagogia e que non se pode facer demagogía hoxe nin hai catro anos cando se cansaron de oír que Fene debía cinco, seis ou sete millóns de euros. Di que no pasado se pediron créditos que se foron pagando e que se fixeron cousas, que aínda este goberno municipal se aproveitou destes créditos, e así se modificau a finalidade de distintos cretos recentemente por importe de cento cincuenta mil euros dun crédito e cen mil euros doutro. Di que a concentración de creto o fixo así durante moitos anos o BNG porque era necesario acometer investimentos e que efectivamente puido haber, en momentos puntuais, problemas de tesourería, pero porque se pagaba o resto, que hai unha cuestión clara, se non hai caixa hai que ir a operacións de crédito en base aos ingresos doutras Administracións e iso foi o que se fixo, aínda que teña a contrapartida de ter que pagar ao banco ou entidade financeira pero iso se debe ó financiamento dos concellos, se pode afirmar que Fene durante moitos anos, coincidindo no fondo da cuestión ou non, fixo un traballo que moitos outros Concellos do seu tamaño non fixeron, que se prestaron moitos servizos que outros Concellos non prestaron e que foi á vangarda en moitos sentidos. Prosegue dicindo o concelleiro que eles non teñen medo ao endebedamento, que saben que os cartos que se piden hainos que pagar e co que non están de acordo é con gastar o que non se ten e que pedir un crédito non é isto. Di que efectivamente existen cinco centos mil euros de remanente de tesourería e un millón dous centos mil de aforro neto, pero preguntase porque non se fixo un extraxudicial dun millón de euros, e responde que non se pode, porque si se fai se compromete a economía do Concello. Di que se pode dicir que durante moitos anos se recorreu a unha figura administrativa posible, pero que non se fixeron extraxudiciais no mes de agosto de medio millón de euros, porque durante o ano se ían facendo as modificacións de créditos necesarias, xa que a situación administrativa do Concello era outra. Proseguen dicindo que na conta xeral deste ano hai un trinta por cento de endebedamento con bancos e iso non lles preocupa, que iso está pactado nunhas condicións e que hai que pagar os créditos, que o que lles preocupa é ese millón de euros de débeda a provedores e a baixa execución de obra que indica a propia conta xeral. Tamén di o concelleiro que lles preocupa que no capítulo II se gastasen oito centos mil euros por riba do orzamentado no ano dous mil oito e é unha cuantía moi elevada xa que se está a falar dunha partida de algo máis de catro millóns de euros e oito centos mil é unha parte substancial, e que por iso se precisan facer extraxudiciais. Di que a

débeda a provedores lles preocupa xa que están a recibir presións de varias empresas que lles preguntan porque non se paga, incluso dalgunha do Plan E coa que se tiña que ser moito máis rigoroso no pagamento, o que supón poñer en problemas a unha empresa e poñer en problemas a unha serie de postos de traballo. Di que se pode falar da débeda xeral dos Concellos do Estado, pero que a el neste momento lle preocupa a do seu Concello e, e di que estar no trinta por cento é razoable e que non vai ser o fin do mundo o endebedamento crediticio que ten o Concello e polo que se pode hipotecar é por falla de ingresos no futuro doutras Administracións, tanto de transferencias correntes coma de transferencias puntuais. Di que a conta xeral é a radiografía da conta do ano dous mil nove e aquí se inclúe todo o que fixeron ben e aquilo que fixeron mal, informes incluídos.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que en base a súa lexitimación coma concelleiro opina con liberdade, que o que lle preocupa é a base é o real, que non lle importa o endebedamento de Madrid porque el é veciño de Fene e non de Madrid, que si se entra niso deberían subir ata o endebedamento do doce ou trece por cento que conseguiu o presidente do Goberno do Estado e lles está facendo pagar aos Concellos cortándolles o crédito, que se trata dunha medida aloucada coma outras que se fan, e se non se tivera feito esta medida, seguramente que este ano o goberno local non pediría catrocentos sesenta e tres mil euros de crédito. Di que no debate dos orzamentos dixo que non discutía as cifras de beneficio neto nin de remanente de tesourería que aparecían no informe de Intervención e que non dubida porque as cifras veñen da Intervención, e di que quere repetir a pregunta que fixo no debate do orzamento, e a pregunta é qué se fai co resto dos provedores cuxa débeda supón o millón de euros, que é unha pregunta moi razoable logo de ver a conta xeral, que é mais, ver o que se gastou e o que se debe, sen que se houbese executado nin un só Plan provincial nos tres anos e que se estea aínda executando o POS 2007 e que haxa que ter previsións de pagamento de todas as partes que ten que pagar o Concello dos Plans provinciais lle asusta, claro que lle asusta.

A continuación fai o uso da palabra o sr. alcalde para facer unha aclaración, respecto da débeda a provedores e di que unha parte dese millón de euros, máis da metade xa está sufragada logo dos distintos acordos plenarios adoptados e outra parte importante son as direccións de obra e redacción de proxectos do Plan E que figuran no extraxudicial, xa que aínda non están ingresados os cartos da Deputación que subvencionan eses gastos e a outra parte, tal e coma figura na memoria da Alcaldía do orzamento será aboada e amortizada coas baixas que o orzamento vaia tendo de aquí ata final de ano, priorizando todos estes remanentes e cartos que van quedando das diferentes partidas do orzamento á amortización de débeda e non á contratación doutro tipo de servizos, que iso se fixo o ano pasado e se seguirá a facer este ano, coma cando a trinta e un de decembro pasado xa tomaron a decisión de destinar todos os cartos que quedaban no orzamento a sufragar toda ou case que toda a débeda, agás dúas ou tres facturas que tiñan que ter unha serie de aclaracións de Intervención ou do goberno municipal, pero que en todo caso se dedicou a sufragar a débeda de anos anteriores antes que ao pagamento da débeda do ano dous mil nove, asumindo que quedase un millón de euros do ano dous mil nove pero deixando liquidada a débeda anterior do Concello, e se traballará nesta liña para o pagamento do extraxudicial. Respecto dos Plans provinciais, prosegue o alcalde dicindo ao voceiro do grupo municipal do PP que pode facer política con iso, pero se ten falado de sobra, que sabe as razóns polo que estes Plans están a día de hoxe sen executar, pero tamén sabe que os de dous mil sete xa están aprobados pola Deputación provincial polo que será aprobado en breve as contratacións polo Concello e o resto, logo da solución ao Plan do ano dous mil sete, poden ser solucionados xa que o problema era practicamente igual.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta respecto da votación que o BNG vai votar a favor da conta xeral por unha cuestión clara, non por estar de acordo coa súa xestión, xa que aquí non se valora a xestión se non a aprobación dun documento, informes e resultado real e válido para ser remitido. Tamén quere facer unha puntualización e pregunta se hai proxectistas de primeira ou de segunda, xa que recentemente aprobouse algún proxecto do Plan E e outros non, que eles o denunciaron o outro día e o seguen a denunciar, que o proxecto da Praza da Humanidade, proxecto do Plan E, ía na relación de facturas e acaba de dicir que se ían pagar cunha subvención da Deputación, polo que di que se paguen todas e logo cando veña a subvención xa se xustificarán.

A continuación fai o uso da palabra o sr. alcalde para aclarar que se tratou dunha ampliación sobre o proxecto financiado inicialmente pola Deputación que houbo que facer na zona, por iso se incluíu, que non estaba financiada pola Deputación provincial.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 2 de agosto de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), (dos sres/as Puentes Rivera, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo, Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López e Pico Sanmartín).

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: cinco (5), (dos sres/as Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral, Franco Casal e Sánchez Martínez).

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

**1º Aprobar a Conta Xeral do Concello de Fene correspondente ó exercicio 2009 nos termos que constan no expediente, integrada polas contas anuais do concello así como pola documentación complementaria legalmente establecida.**

2º.- Moción do grupo municipal do PSOE en relación co deterioro e supresión das políticas sociais dependentes da Xunta de Galicia.

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade de data 2 de agosto de 2010 que, transcrito literalmente di:

“1. Primar a inversión social a lo menos nos mesmos termos do goberno bipartito.

2. Activar as políticas públicas sociais no seu senso máis amplo, evitando a privatización dos servizos públicos.

3. Desenvolver ,unha política de colaboración institucional cos concellos que garantan o efectivo desenvolvemento das políticas sociais municipais, a través do axeitado financiamento de medios persoais e materiais.

4. Reconducir a nefasta xestión da Xunta de Galicia en políticas sociais, reactivando o Plan Concertado,as Políticas de Dependencia e os programas de colaboración cos municipios.

5. Cumprir nos seus termos a normativa vixente en políticas sociais.”

A continuación fai o uso da palabra o sr. alcalde para dicir que o seu grupo, respecto do debate, remítese ao dito na Comisión Informativa e que manterán o seu voto a favor da moción.

Seguidamente pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que o seu grupo vai votar a favor.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal quen, unha vez concedido expón que o seu grupo vai votar en contra.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que vai votar a favor.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria ditame favorable da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade de data 2 de agosto de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), (dos sres/as Puentes Rivera, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo, Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López e Pico Sanmartín).

Votos en contra: cinco (5), (dos sres/as Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral, Franco Casal e Sánchez Martínez).

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

- 1. Primar a inversión social a lo menos nos mesmos termos do goberno bipartito.**
- 2. Activar as políticas públicas sociais no seu senso máis amplo, evitando a privatización dos servizos públicos.**
- 3. Desenvolver, unha política de colaboración institucional cos concellos que garantan o efectivo desenvolvemento das políticas sociais municipais, a través do axeitado financiamento de medios persoais e materiais.**
- 4. Reconducir a nefasta xestión da Xunta de Galicia en políticas sociais, reactivando o Plan Concertado, as Políticas de Dependencia e os programas de colaboración cos municipios.**
- 5. Cumprir nos seus termos a normativa vixente en políticas sociais.**

3º.- Moción do grupo municipal do PSOE en relación coa redución do número de profesores/as do IES Fene acordada pola Xunta de Galicia.

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade de data 2 de agosto de 2010 que, transcrito literalmente di:

“1. Rexeitar a redución inustificada do número de profesores/as no IES Fene, acordada unilateralmente pola Xunta de Galicia e que supón un novo ataque ao ensino público e de calidade que defendemos para os rapaces e rapazas do noso concello.

2. Esixir á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a asignación, de acordo coa dirección e o consello escolar do centro, do número de profesores/as precisos para atender adecuadamente as necesidades educativas do IES Fene, tanto de educación formal, como de tódolos proxectos educativos que con grande esforzo se están a desenvolver no noso instituto.

3. Sumarse e manifestar o seu total apoio ao acordo do consello escolar do IES de Fene, reunido en sesión extraordinaria o 27 de xullo de 2010, no que o comunidade educativa do IES expresa o seu rexeitamento, nas condicións actuais de profesorado, á ampliación da súa oferta educativa cun PCPI de electrónica que nin foi solicitado polo centro nin pode atender dada a redución do profesorado. Actualmente o IES de Fene imparte dous PCPI's, Fabricación mecánica en modalidade B e Limpeza de edificios en modalidade C, polo tanto, dentro da atención á diversidade e nestas circunstancias de perda de profesorado, a prioridade debe ser os alumnos e alumnas da ESO, dándolles reforzos e apoios na aula.

4. Esixirlle en todo caso á Xunta de Galicia, se quere que se imparta en Fene ese terceiro PCPI, a asignación dun profesor/a máis para o IES Fene.

5. Remitir o presente acordo ao Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, á dirección e ao consello escolar do IES Fene e a tódolos grupos políticos do Parlamento de Galicia.”

A continuación fai o uso da palabra o sr. alcalde para dicir que esta moción foi apoiada na Comisión polos grupos municipais do BNG e polo grupo mixto, e segundo o dito na Comisión a intención do grupo municipal do PSOE é proporlles aos devanditos grupos facer desta moción unha moción conxunta dos grupos municipais do PSOE, BNG e IU, por entender que se trata dun tema municipal no que é mellor ir xuntos.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que o que van facer é pedir a confirmación destes datos, xa que nin tiveron nin teñen constancia de que isto vaia ser así, que o ano pasado tamén se falou de que ía haber unha redución importante e tampouco se produciu.

A continuación fai o uso da palabra o sr. alcalde para dicir que o que se pide na moción é o que o Consello escolar do Instituto solicita de que non se reduza e non esperar a setembro cando se teña que comprobar in situ para saber se isto é así ou non.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que o que hai que deixar claro é que hai que solicitarlle á Xunta os medios para poder impartir os estudos programados, xa que se non dificilmente se poden impartir dos devanditos estudos.

Seguidamente fai uso da palabra o sr. alcalde para dicir que a dirección do centro lles dixo que eles contaban cun profesorado en base ao cal solicitaron participar nunha serie de programas, algúns concedidos outros non e en cambio había este módulo que non pediran e que a Xunta lles asignou, que non é que deixaran de pedir algo que tiñan que pedir, senón que a Xunta lles asignou algo que non foi pedido e sinala que a aclaración queda feita e constará en acta.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria ditame favorable da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade de data 2 de agosto de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), (dos sres/as Puentes Rivera, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo, Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín e Sánchez Martínez).

Votos en contra: ningún.

Abstencións: catro (4), (dos sres/as Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral e Franco Casal).

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

**1. Rexeitar a redución inxustificada do número de profesores/as no IES Fene, acordada unilateralmente pola Xunta de Galicia e que supón un novo ataque ao ensino público e de calidade que defendemos para os rapaces e rapazas do noso concello.**

**2. Esixir á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a asignación, de acordo coa dirección e o consello escolar do centro, do número de profesores/as precisos para atender adecuadamente as necesidades educativas do IES Fene, tanto de educación formal, como de tódolos proxectos educativos que con grande esforzo se están a desenvolver no noso instituto.**

**3. Sumarse e manifestar o seu total apoio ao acordo do consello escolar do IES de Fene, reunido en sesión extraordinaria o 27 de xullo de 2010, no que o comunidade educativa do IES expresa o seu rexeitamento, nas condicións actuais de profesorado, á ampliación da súa oferta educativa cun PCPI de electrónica que nin foi solicitado polo centro nin pode atender dada a redución do profesorado. Actualmente o IES de Fene imparte dous PCPI's, Fabricación mecánica en modalidade B e Limpeza de edificios en modalidade C, polo tanto, dentro da atención á diversidade e nestas circunstancias de perda de profesorado, a prioridade debe ser os alumnos e alumnas da ESO, dándolles reforzos e apoios na aula.**

**4. Esixirlle en todo caso á Xunta de Galicia, se quere que se imparta en Fene ese terceiro PCPI, a asignación dun profesor/a máis para o IES Fene.**

**5. Remitir o presente acordo ao Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, á dirección e ao consello escolar do IES Fene e a tódolos grupos políticos do Parlamento de Galicia.**

4º.- Moción conxunta dos grupos municipais do PSOE e BNG en relación coa merma nas axudas da Xunta de Galicia aos Centros de Información á Muller.

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade de data 2 de agosto de 2010 que, transcrito literalmente di:

“1. O Concello de Fene insta á Xunta de Galicia a rectificar a Resolución de 22 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para o apoio aos Centros de Información ás Mulleres.

2. Instar á Xunta de Galicia a que rectifique e garanta un financiamento igualitario e suficiente ao conxunto de CIM's e que potencie o seu funcionamento en rede.

3. Instar a Xunta de Galiza a retomar o diálogo cos concellos e as traballadoras destes equipamentos.”

A continuación fai o uso da palabra o sr. alcalde para dicir que a cuestión está moi clara e que o seu grupo se remite ao dito na Comisión Informativa e manterán o seu voto a favor.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira do grupo municipal do BNG, Rita María Couto Seijido quen, unha vez concedido, manifesta que se alegran moito de que o Partido Socialista traia esta moción de xeito conxunto con eles a este Pleno pero tamén hai que mirar por esta cuestión dentro da casa e roga para que se volva restituír o Servizo de Atención á Muller que neste momento é inexistente no Concello de Fene.

De seguido fai uso da palabra o sr. alcalde para dicir que supón que se refire á asistencia xurídica e di que están niso, que o consideran prioritario, e o queren restituír canto antes.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria ditame favorable da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade de data 2 de agosto de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), (dos sres/as Puentes Rivera, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo, Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín e Sánchez Martínez).

Votos en contra: catro (4), (dos sres/as Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral e Franco Casal).

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

**1. O Concello de Fene insta á Xunta de Galicia a rectificar a Resolución de 22 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para o apoio aos Centros de Información ás Mulleres.**

**2. Instar á Xunta de Galiza a que rectifique e garanta un financiamento igualitario e suficiente ao conxunto de CIM's e que potencie o seu funcionamento en rede.**

**3. Instar a Xunta de Galiza a retomar o diálogo cos concellos e as traballadoras destes equipamentos.**

5º.-Moción do grupo municipal do BNG relativa á defensa do Sistema Galego Público de Servizos Sociais.

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade de data 2 de agosto de 2010 que, transcrito literalmente di:

“1. Instar á Xunta de Galiza a que poña en marcha o desenvolvemento pleno da Lei de servizos sociais de Galiza, en vigor dende o 18 de marzo de 2009, na que se definen os servizos sociais como un sistema público, xunto coa educación, a sanidade e a seguridade



social; na que se recoñece o dereito aos servizos sociais como un dereito das persoas, do conxunto da poboación; e que obriga a incluír nos orzamentos anuais da Xunta e das entidades locais as partidas necesarias para o seu financiamento.

2. Instar á Xunta de Galiza que concrete o citado desenvolvemento nos seguintes aspectos:

1. Implantación da Tarxeta Social Galega, de carácter persoal que acredita como titular do dereito ao acceso aos servizos sociais. Posta en marcha do Expediente social básico único para axilizar a xestión no ámbito dos servizos sociais comunitarios, e do Mapa galego de servizos sociais.
2. Posta en marcha do Catálogo de servizos sociais integrado polo conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións.
3. Revisión urxente da regulación da renda de integración social de Galiza, de xeito que garanta ás persoas en situación ou risco de exclusión social o dereito a un mínimo vital en función das características do núcleo de convivencia e o dereito a unha oportunidade real de inclusión socio-laboral. E elaboración da lei Galega de inclusión social.
4. Consolidación da rede de oficinas comarcais de servizos específicos que incidan nas situacións de exclusión e desigualdade social.
5. Consolidación da xestión pública dos centros de atención xerontolóxica que atenden a persoas en situación de dependencia ou en risco de padecela, en particular a rede de centros de día.
6. Constitución inmediata dos órganos de participación recollidos na lei, nomeadamente o Consello Galego de Benestar Social e a Mesa Galega de Servizos Sociais.”

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira do grupo municipal do BNG, Rita María Couto Seijido quen, unha vez concedido, manifesta que se remiten ao debate na Comisión.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria ditame favorable da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade de data 2 de agosto de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), (dos sres/as Puentes Rivera, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo, Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín e Sánchez Martínez).

Votos en contra: catro (4), (dos sres/as Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral e Franco Casal).

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

**Primeiro. Instar á Xunta de Galiza a que poña en marcha o desenvolvemento pleno da Lei de servizos sociais de Galiza, en vigor dende o 18 de marzo de 2009, na que se definen os servizos sociais como un sistema público, xunto coa educación, a sanidade e a seguridade social; na que se recoñece o dereito aos servizos sociais como un dereito das persoas, do conxunto da poboación; e que obriga a incluír nos orzamentos**

anuais da Xunta e das entidades locais as partidas necesarias para o seu financiamento.

**Segundo.** Instar á Xunta de Galiza que concrete o citado desenvolvemento nos seguintes aspectos:

**1. Implantación da Tarxeta Social Galega, de carácter persoal que acredita como titular do dereito ao acceso aos servizos sociais. Posta en marcha do Expediente social básico único para axilizar a xestión no ámbito dos servizos sociais comunitarios, e do Mapa galego de servizos sociais.**

**2. Posta en marcha do Catálogo de servizos sociais integrado polo conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións.**

**3. Revisión urxente da regulación da renda de integración social de Galiza, de xeito que garanta ás persoas en situación ou risco de exclusión social o dereito a un mínimo vital en función das características do núcleo de convivencia e o dereito a unha oportunidade real de inclusión socio-laboral. E elaboración da lei Galega de inclusión social.**

**4. Consolidación da rede de oficinas comarcais de servizos específicos que incidan nas situacións de exclusión e desigualdade social.**

**5. Consolidación da xestión pública dos centros de atención xerontolóxica que atenden a persoas en situación de dependencia ou en risco de padecela, en particular a rede de centros de día.**

**6. Constitución inmediata dos órganos de participación recollidos na lei, nomeadamente o Consello Galego de Benestar Social e a Mesa Galega de Servizos Sociais.**

6º.- Moción do grupo municipal do BNG relativa ao mantemento dos servizos de Caixa Galicia en San Valentín.

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 26 de xullo de 2010 que, transcrito literalmente di:

“O Concello de Fene insta ao Alcalde a realizar cantas xestións sexan precisas para manter todo o ano os servizos da Caixa de aforros en San Valentín e en xeral o mantemento e mellora destes servizos no noso concello.”

Seguidamente pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que o debate xa se deu na Comisión e coma el non participa nesa Comisión quere dicir que na moción o que pide é respecto da oficina que ten esta Caixa de aforros en San Valentín pechou o mes de xullo e agosto, diante da gran queixa e malestar que houbo no barrio e o que piden é que o alcalde axilice cantas xestións sexan necesarias con Caixa Galicia, ademais de que o Concello ten un representante na propia entidade financeira, para manter o servizo desta e de todas as Caixas que existen no noso Concello.

A continuación fai o uso da palabra o sr. alcalde que di que o seu grupo na Comisión dixo que aclararían o sentido do voto no Pleno, polo que anuncia que votarán en favor desta moción,

no sentido de que non só en San Valentín, que eles pensan que fundamentalmente que coa fusión das Caixas algunha das catro oficinas que teñen as dúas Caixas en Fene será sacrificada, polo que eles avogarían polo mantemento das catro oficinas, a de San Valentín, Fene, Perlío e Maniños porque entenden que teñen o seu espazo e a súa razón de ser. En todo caso, di o concelleiro os contactos que tiveron con Caixa Galicia lles aclararon que se trata dun peche estival, que non tiña nada que ver co peche permanente da oficina, e que as veces, non ven mal ser precavido e polo tanto poder previamente solventar o asunto.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que a propia moción xa di que en xeral se pretende o mantemento das Caixas no Concello e o di precisamente nese sentido, de ter un contacto global para saber como vai quedar este servizo, tendo en conta que as oficinas das Caixas non son estritamente entidades financeiras, que son entidades nas que o Concello ten unha representación e participación e onde esa participación pública tamén ten que darlle un carácter diferente aos propios bancos.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria o ditame favorable da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade de data 2 de agosto de 2010, sendo aprobado por unanimidade dos seus membros presentes, polo que o Pleno acorda:

**O Concello de Fene insta ao Alcalde a realizar cantas xestións sexan precisas para manter todo o ano os servizos da Caixa de aforros en San Valentín e en xeral o mantemento e mellora destes servizos no noso concello.**

7º.- Moción do grupo municipal do PP relativa ao Real decreto do carbón.

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 26 de xullo de 2010 que, transcrito literalmente di:

“PRIMERO: La corporación Municipal de Fene acuerda transmitir al Gobierno central su absoluto rechazo del contenido del Real Decreto que prima el carbón nacional, por las nefastas consecuencias que su aplicación tendrá para la economía gallega y, en especial, el empleo en este municipio.

SEGUNDO: Que se de traslado de este acuerdo al Presidente del Gobierno, a los portavoces parlamentarios en las Cortes, al Presidente de la Xunta y al Parlamento de Galicia.”

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que se remiten ao dito na Comisión.

Seguidamente pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que teñen unha emenda á moción e pasa a dar lectura da mesma:

“1) Instar ao Gobrno Galego a que solicite do Gobierno do Estado a modificación dos contidos básicos do Decreto do Carbón, aos efectos de adptalo ao desenvolvemento dunha estratexia enerxética económica e medioambientalmente sostíbel e ás especificidades das distintas comarcas mineiras, tendo en conta a singularidade das comarcas mineiras galegas (As Pontes e Meirama).

2) Instar ao Gobierno Galego a:

- a. Continuar coa revisión do cumprimento dos compromisos de contratación de traballadores e traballadoras das compañías auxiliares da minaría de carbón de todas as empresas que obtiveron subvención do Plan Miner vinculada aos ditos compromisos.
- b. Nos casos de incumprimentos, promover diante do Ministerio de Industria o correspondente expediente de devolución das axudas recibidas.
- c. Responsabilizarse directamente e con medio propios da xestión íntegra do proceso de recolocación dos traballadores e traballadoras das Compañías Auxiliares da Minaría de Carbón, dando conta ao Parlamento Galego.
- d. Incrementar as liñas de axudas para as empresas que se instalen nas comarcas.
- e. Que se axilice o funcionamento do Igape de maneira que s acurte ao máximo o proceso administrativo. E que no caso das empresas ás que lles corresponde algunha axuda, que esta se faga efectiva antes de 30 días desde o momento da concesión.

3) Trasladar este acordo ao Presidente do Goberno do Estado e ao presidente da Xunta de Galiza.”

A continuación prosegue dicindo o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín que esta emenda ten dúas ideas, unha que a moción do Partido Popular ten pouca parte resolutiva, xa que só se rexeita nesta moción o Decreto e pide que se lle dea traslado ao Goberno e demais e que o seu grupo cre que a súa emenda mellora moito a moción en moitos sentidos, primeiro porque se dirixen ao goberno galego para que inste ao goberno do Estado a modificar ese Decreto, non só se pide o rexeitamento senón que tamén que o modifique para favorecer que tanto Meirama coma As Pontes teñan capacidade produtiva e segundo, que se inste ao goberno galego para traballar na Mesa do Carbón que había para que toda a reconversión que está a haber nas dúas zonas mineiras, tanto en Cerceda coma nas Pontes, se tomen as medidas que aí se din, que se tomen as medidas do Ministerio de Industria, que se favoreza a recolocación dos traballadores e traballadoras das empresas auxiliares dos carbón e demais, e un terceiro punto que coincide co Partido Popular que é o de dar traslado desta moción, xa que a moción do Partido Popular, dende o seu punto de vista, tal e coma ven é unha moción sinxelamente oportunista, xa que tiveron unha oportunidade de ouro o vinte de xullo no debate da política de corte xeral e apoiar unha proposta de resolución do BNG que dixeron que ían apoiar neste sentido, de tomar medidas concretas e non só para o rexeitamento deste decreto, senón que medidas para que Meirama e As Pontes puideran ter algunha capacidade produtiva e tivese algunha alternativa á que se lle dá no Decreto que é a paralización, na práctica, da produción con carbón.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que dende o Partido Popular non se acepta a emenda xa que creen que hai unhas cuestións totalmente diferentes, están a falar da paralización de tres empresas coma son Endesa das Pontes, Meirama e Sabón e que precisamente este é o motivo xa que se vai primar o carbón nacional e, sen entrar en máis, di que é de todos sabido que non poden usalo debido a tecnoloxía que usan. Di que xa se falou na Comisión e que eles non teñen unha posición derrotista, que se parte xa da base de que vai haber despidos, que van desmontarse as auxiliares, que a Xunta de Galicia vai ter que promover axudas, que o IGAPE vai ter que dar subvencións para unha cousa e para a outra, pois di que non, que non o ve lóxico xa que en base a isto as empresas que hoxe en día están asentadas en Ferrol ou en Coruña sí están xerando o seu volume de traballo cara aos portos e dándolle traballo directo aos transportistas non ve porqué ten que ser a Xunta de Galicia quen asuma axudas as empresas auxiliares, que en todo caso o subvencione o Estado que xa logo o cobrarán na correspondente factura. Di que o que lle parece máis sinxelo é rexeitar o Decreto do Carbón nestas dúas comarcas e respecto da postura do Partido Popular en relación a unha moción que presentou o BNG no Parlamento español di que eles non votaron

en contra desa moción, senón que se abstiveron, xa que precisamente se estaban e se está a negociar co Partido Socialista o Plan de enerxía nacional no que loxicamente se inclúe a correspondente excepción destas empresas para que queden traballando, coma é lóxico, e que continúen traballando coma o viñan facendo, de xeito que non se altere a situación actual.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que respecto da incorporación da emenda á moción vaise abster.

De seguido intervén o sr. alcalde que manifesta que o seu grupo tamén se vai abster, en relación á incorporación da emenda á moción.

A continuación sométese a votación ordinaria a incorporación da emenda presentada polo grupo municipal do BNG á Moción do grupo municipal do PP relativa ao Real decreto do Carbón, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: cinco (5), (dos sres/as Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López e Pico Sanmartín).

Votos en contra: catro (4), (dos sres/as Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral e Franco Casal).

Abstencións: sete (7), (dos sres/as Puentes Rivera, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo e Sánchez Martínez).

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda a incorporación da emenda presentada polo grupo municipal do BNG á Moción do grupo municipal do PP relativa ao Real decreto do Carbón.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que ten que seguir adiante coa moción porque pensa que é xusto o que se di e o que se pide na moción e sería unha pena que a moción non saia adiante por culpa da emenda presentada polo BNG que, considera que está fóra de lugar.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo municipal do PP, coa emenda introducida polo grupo municipal do BNG, relativa ao Real decreto do carbón, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: cinco (5), (dos sres/as Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López e Pico Sanmartín).

Votos en contra: catro (4), (dos sres/as Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral e Franco Casal).

Abstencións: sete (7), (dos sres/as Puentes Rivera, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo e Sánchez Martínez).

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

**1) Instar ao Goberno Galego a que solicite do Goberno do Estado a modificación dos contidos básicos do Decreto do Carbón, aos efectos de adaptalo ao desenvolvemento**

**dunha estratexia enerxética económica e medioambientalmente sostíbel e ás especificidades das distintas comarcas mineiras, tendo en conta a singularidade das comarcas mineiras galegas (As Pontes e Meirama).**

**2) Instar ao Goberno Galego a:**

- a. Continuar coa revisión do cumprimento dos compromisos de contratación de traballadores e traballadoras das compañías auxiliares da minaría de carbón de todas as empresas que obtiveron subvención do Plan Miner vinculada aos ditos compromisos.**
- b. Nos casos de incumprimentos, promover diante do Ministerio de Industria o correspondente expediente de devolución das axudas recibidas.**
- c. Responsabilizarse directamente e con medio propios da xestión íntegra do proceso de recolocación dos traballadores e traballadoras das Compañías Auxiliares da Minaría de Carbón, dando conta ao Parlamento Galego.**
- d. Incrementar as liñas de axudas para as empresas que se instalen nas comarcas.**
- e. Que se axilice o funcionamento do Igape de maneira que s acurte ao máximo o proceso administrativo. E que no caso das empresas ás que lles corresponde algunha axuda, que esta se faga efectiva antes de 30 días desde o momento da concesión.**

**3) Trasladar este acordo ao Presidente do Goberno do Estado e ao presidente da Xunta de Galicia.**

8º.- Rogos e preguntas.

Seguidamente pide o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido, pregunta si realmente se pediu á Xunta de Galicia a subvención para soterrar as liñas de alta tensión en San Valentín, tal e coma se lle recomendou por escrito. Pregunta tamén polo estado da cociña do centro social, xa que leva máis dun ano parada, aínda que a cafetería xa está funcionando. Prosegue dicindo que coma consecuencia do aumento do alumnado do colexio do Ramo, a consecuencia do peche da unitaria dependente desta, o Consello escolar, a Xunta directiva e a comunidade educativa pediron en varias ocasións a realización dalgunha pequena obra para facer a división dunha aula en dúas, e pregunta se teñen previsto facer algo xa que o curso comeza en setembro. Pregunta tamén cando van comezar as obras de construción das beirarrúas en Barallobre, que xa saben que están licitadas e respecto disto, quere saber si se aproveitou para facer algunha xestión relativa á moción presentada neste Pleno respecto do lugar onde se produciron varios accidentes. Continúa preguntando si se fixo algunha actuación respecto das queixas que chegan por todos os lados respecto das ratas que hai no contorno do río Cádavo, xa que o que non entende é que cheguen as facturas do servizo de desratización e as queixas e aínda estean aí as ratas, polo que roga que se actúe.

A continuación pide o uso da palabra a concelleira do grupo municipal do BNG, Rita María Couto Seijido, quen unha vez concedido pregunta á concelleira de Servizos Sociais e Igualdade respecto da nova que saíu na prensa relativa a que distintos Concellos mandaron alimentos á Tinduf, e coma este Concello quedou en facer unha recolecta e mandar alimentos quere saber si se participou, xa que a nova non citaba ao Concello de Fene.

A continuación pide o uso da palabra a concelleira do grupo municipal do BNG, Inés Roca Requeijo, quen unha vez concedido solicitando ó alcalde que logo de oito meses que comezou o novo servizo de recollida de voluminosos e logo de telo solicitado de palabra e por

escrito, responda cun si ou un non respecto da existencia dese contrato. Respecto do falado no Pleno do martes pasado dun novo Plan de mantemento de zonas verdes, do que descoñecen o seu contido, polo que roga á concelleira responsable que o presente e se explique na próxima Comisión. Tamén repite o rogo que quedou enriba da mesa no Pleno anterior respecto daquela moción de darlle nome a unha rúa en San Valentín, para se leve na vindeira Comisión. Prosegue felicitándose de xa ter un novo tractor no Concello, xa que cando o BNG se foi do goberno o trinta de xuño do ano pasado iso xa quedara listo, contratado e decidido, que lamenta que o tractor non chegara antes e di que respecto do subministro que quedou deserto de dúas cortacéspedes con desbrozadora xa se lle solicitou ao presidente da mesa de contratación que o xestionase para volvelos sacar adiante e a día de hoxe aínda non ten contestación polo que pregunta polo estado en que se atopa este subministro, moi necesario para o servizo de xardinería do Concello. Tamén roga para que se fagan as xestións oportunas ante a Deputación Provincial da Coruña e a Xunta de Galicia para que se fagan os desbroces necesarios das estradas provinciais e autonómicas, respectivamente, ao seu paso polo Concello.

Neste momento ausentase da sesión a concelleira Rocío Rey Sampayo.

E para rematar a concelleira do grupo municipal do BNG, Inés Roca Requeijo, roga para que se lles contesten os diferentes escritos que presentaron por rexistro e que a data de hoxe aínda non teñen resposta.

A continuación pide o uso da palabra a concelleiro do grupo municipal do BNG, Edgar Antonio Vigo López, quen unha vez concedido roga respecto da limpeza que se está a realizar nas beirarrúas no Concello, xa que todo o limpado se está a votar nos colectores de lixo normais, polo que roga se proceda a depositar a terra e herbas no lugar axeitado para isto.

De seguido pide o uso da palabra a concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Vicente Pico Sanmartín, quen unha vez concedido roga para que o enxeñeiro municipal realice un informe e que se leve á seguinte Comisión, respecto da rampa que se fixo en Limodre, para ver si cumpre accesibilidade ou non e tamén debe recoller o estado do tapado que se fixo das gábias, xa que lle parece que non é o axeitado.

Neste momento reincorpórase á sesión a concelleira Rocío Rey Sampayo.

Prosegue dicindo o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Vicente Pico Sanmartín, respecto dese mesmo camiño, no anterior Pleno emendouse unha factura de nove mil euros polo asfaltado dese camiño, feito fai pouco tempo polo que aínda debe estar en prazo de garantía, segundo o contrato feito, polo que roga que se execute. Tamén di que fai tres meses se pediu un informe respecto da urbanización que se fixo no camiño de Almieiras e aínda non se contestou, polo que lle pide ao grupo de goberno que se lle dea resposta canto antes. Prosegue dicindo que xa pediu na Comisión e se lle constestou que se estaba facendo pero non se fixo, respecto do camiño de Castelo-Limodre roga o seu arranxo.

A continuación fai uso da palabra o alcalde para contestar que toman nota dos rogos, sobre todo destes últimos para facilitarlle á Corporación eses informes, tan axiña coma estean feitos. Prosegue contestando, respecto das axudas das liñas de alta tensión, que tal e coma se dixo noutros Plenos que se ían estudar as axudas e ter contactos coa Xunta, di que a axuda finalmente non foi solicitada porque, logo de falar co Subdirector Xeral de Enerxía da Consellería de Industria para interesarse polas condicións para solicitar esta axuda, condicións que cambiaban algo respecto das convocatorias de anos anteriores, e que lle transmitiu que houbo unha variación no modelo de concesión destas axudas polo cal, ata o día de hoxe, cando había que soterrar unha liña de alta tensión ou un centro de

transformación o orzamento se repartía en tres partes, unha parte a abonaba a eléctrica, outra a Xunta e a terceira o Concello, que se pode dicir que o Concello facía a obra civil e a obra eléctrica se repartía a dúas bandas entre a Xunta e a eléctrica, xa que practicamente o importe era o dobre do importe da parte civil, o que viña a supor un terzo para cada unha das partes, e coma consecuencia dunha serie de problemas coa Unión Europea, que entende que estas actuacións poden ser consideradas coma axudas públicas ou subvencións ás eléctricas, o Subdirector Xeral de Enerxía lle comunicou que a Xunta para este ano vai variar esta convocatoria e decidiu facer o seguinte, que a parte que tiña que facer a eléctrica a siga a facer esta, pero a Xunta non vai subvencionar á eléctrica ese case que cincuenta por cento da parte da obra eléctrica, o que fará é subvencionar aos Concellos o oitenta por cento da obra civil, pero co compromiso dos Concellos para que asuman a parte que a Xunta deixa de asumir da obra eléctrica, é dicir, que co novo sistema os Concellos pagarían o vinte por cento da obra civil máis o corenta ou corenta e cinco por cento da obra eléctrica que antes pagaba a Xunta de Galicia, co cal ao final estase outra vez nas mesmas cifras, que co novo sistema estaríase case que no millón de euros e que se antes era inasumible esta cantidade para o Concello agora o segue sendo, xa que os cartos seguen a ser semellantes e entenden que nestes termos non era posible solicitar esta axuda, que en todo caso a obra se segue a considerar importante e froito disto, na derradeira xuntanza que se mantivo para falar da ampliación do IES coa Consellería de Educación, á que xa se lle expuxera coa Anpa da Xunqueira este tema, volveuse a tratar o asunto, coa contestación de que Industria non lles financia este tema a Educación e Educación non está disposta a financiar, de momento, coma consecuencia do gran recorte orzamentario, este tipo de obras e que se seguiría a estudar como é posible facer esta actuación, que en definitiva nada variou, aínda que as condicións sexan diferentes.

Prosegue respondendo o alcalde respecto da cociña do centro social e di que non hai ningunha novidade por parte da Xunta de Galicia logo de varios contactos e encontros, e polo que lles din todo segue igual e pendente de adxudicar a obra e de atopar os cartos, supón, para poder facela, di que non obtiveron resposta desa solicitude de reunión que hai solicitada por parte de todos os grupos políticos co Delegado da Xunta de Galicia e cos usuarios do centro nin saben os prazos concretos da obra. Respecto das obras nas beirarrúa de Barallobre di que a obra xa está licitada, aprobada pola Deputación e o que lles dixeron é que no mes de setembro xa se poidan comezar os traballos, que son prazos que fixa e lles traslada a propia Deputación. En relación coa seguridade viaria nesta estrada por culpa dos accidentes ocorridos, ademais das chamadas e contactos coa Deputación, xa manifestadas neste Pleno, o mes pasado remitiuse un escrito do Concello á Deputación, ao Servizo de Obras, no que se pedía que se instalasen unhas proteccións nesa curva para protexer a farmacia e a vivenda afectada habitualmente polos vehículos que se van da estrada nesta curva, pero di que en todo caso non é máis que unha suxestión xa que o Servizo de Estradas Provincial ten os seus técnicos e polo tanto decidirán cal entenden que é a medida máis efectiva para previr este tipo de accidentes e para protexer aos veciños e peóns. Respecto da campaña de alimentos a Tinduf di que o Concello non participou nesa campaña, que tiveron contactos coa propia Asociación de amigos do pobo saharuí para ofrecerlles tamén colaboración e lles dixeron que a campaña de alimentos estaba en marcha e que ía ben, e que en todo caso se emprazaron con eles para ter outro tipo de colaboracións nas que Fene poida participar e pór o seu grado de area. En relación co contrato de recollida de voluminosos o que hai é un escrito, un acordo entre a empresa e o Concello de Fene, dentro dos límites do contrato menor coma establece a Lei, por unha cuestión clara, que tamén xa se ten debatido neste Pleno, xa que estamos en fase de cesión da competencia de recollida de voluminosos de todos os Concellos da ría á Mancomunidade, asunto que espera podelo levalo a Pleno no mes de setembro, se a Mancomunidade pode aclarar e solucionar todos os extremos da cesión da competencia, e á espera de que isto se formalice e que se poida asinar o contrato delegado na Mancomunidade, existe o acordo coa empresa, dentro dos límites do contrato



menor, o que se lle facilitará ao grupo municipal. Para rematar, contesta respecto do estado do contrato da cortacésped desbrozadora, di que se está confeccionando para poder ser levado a Xunta de Goberno para poder ser aprobado e poder ser contratado, que o outro día xa se tratou en Xunta de Goberno e quedou sobre a mesa á espera de esclarecer uns aspectos técnicos do tipo de maquinaria a mercar, e logo de aclarar este asunto coa Deputación, será levado de novo en breve a Xunta de Goberno.

A continuación pide o uso da palabra a concelleiro delegado de Organización, Juan Manuel Lourido González, quen unha vez concedido resposta respecto das obras no colexio do Ramo dicindo que dará as ordes oportunas para facer as obras antes de que comece o curso escolar.

De seguido pide o uso da palabra a concelleira de Medio Ambiente, Amalia García Balado, quen unha vez concedido resposta en relación coa desratización do río Cádavo dicindo que o servizo se está a facer, cada quince días se está a colocar cebos, pero o que pasa é que nas ribeiras dos ríos o propio río leva os cebos que se colocan, coa mala sorte de que esta tempada, logo da nova colocación de cebos nas zonas afectadas choveu, subindo o nivel da auga, que ela mesma foi cos operarios do servizo de desratización ao Praza Verde e ao río, e sinala do problema que existe nesta Praza, xa que as propias ratas poden levar e arrastrar as bolsas, coma xa pasou no Parque de San Valentín, polo que os operarios teñen que escoller moi ben os sitios onde as colocar e conclúe que si se fai o servizo en todo Fene, cada quince días, e coma hai tantas queixas as veces os acompaña ela mesma, coma fai quince días no que se fixeron toda a zona de Perlío.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, quen unha vez concedido, quere preguntar en primeiro lugar respecto dos orzamentos aprobados o martes nos que se ve que vai unha partida de dezaseis mil euros para o transporte metropolitano e di que outros Concellos da Comarca xa aprobaron a autorización á Xunta e aquí nin se trouxo ao Pleno nin se sabe nada, polo que pregunta polo que se ten pensado facer con isto. Tamén quere saber si se aprobou o documento de cesión da Praza do Perla e si se fixo a escritura notarial. En relación co tema do pobo saharauí acaban de recibir unha invitación para o día trece, e lle rogaría ao alcalde que isto se tratase doutro xeito, xa que van pasar vergoña, non só o alcalde se non todos os que estaban naquela reunión pois eles saíron encantados deste Concello co prometido e dende aquela non se fixo absolutamente nada. Respecto das ratas do río Cádavo di que el as viu persoalmente e que campan as súas anchas e di que o que non se pode dicir por parte dunha concelleira de Medio Ambiente é que o veneno vai cara o río, por isto rógalle a concelleira que busque outra empresa, que el non é técnico pero que se sabe que hai outras técnicas coma a das caixiñas nas que se mete o roedor que non só se fai con bolsiñas, polo que tamén lle roga á concelleira que o veneno non vaia tampouco para o río. Tamén quere rogar para o Concelleiro de Obras e di que presentaron un escrito dirixido á Comisión en relación co tema do rebacheo, xa que consideran que hai un abandono total, que se lle encargue a unha empresa lle parece ben, pero di que hai que facer un seguimento, que si non hai medios se fai coma se pode pero é que o do último rebacheo é o colmo, xa que se votou grava que pasou dous ou tres días ao aire, cos coches pasando polas pistas, a grava tirada por todo os lados e logo viñeron por detrás co alquitrán e máis coa grava máis fina, que non sabe qué empresa o fixo pero que está seguro que o sabe facer doutro xeito e que se o fai así é por falla de control e el antes de pagarlle, miraría ben como está iso, xa que estes camiños vanse levantar axiña. Roga tamén para que se arranxe aquel camiño que se ía arranxar e que vai xunto a rúa dos Mirtos, logo da clínica dental. Tamén roga para que a Policía Local estude, agora que se pintou o paso de peóns fronte o Gadis, respecto da liña continua ou discontinua, si se pode pasar ou non á rúa dos Muíños. Nesta mesma rúa hai dúas obras que ocupan parcialmente a beiravía e que están mal tapadas e xeran perigo para os viandantes que pasan por alí, polo que roga que a

Policía Local revise aquilo e se lle fagan as recomendacións oportunas aos promotores das obras. Respecto da curva de Barallobre, aínda que é competencia da Deputación, rogaría ao alcalde para que insistise neste tema. Tamén lle roga ao alcalde que solucione o tema da rotonda do polígono Vilar do Colo, que si é competencia do Concello de Cabanas ou de Fene é indistinto, pero roga que se faga, xa que hai meses que está así sen luz. Respecto do tema de río Sandeu di que eles non apreciaron o tema da rampa pero si o tema das gabias, e lle parece que aquilo non pode quedar así, polo que roga que visto o visto, se lle fagan gabias a este camiño.

De seguido intervén o alcalde para responder dicindo que quere puntualizar algún dos rogos, respecto as obra de río Sandeu di que a empresa que executa as obra é Tracsa e en principio votóuselle cemento polos laterais coma solución provisional para favorecer o paso dos camiños e o aparcamento dos vehículos vinculados á obra, que Costas lles dixo que a idea é deixar as gabias non coma están senón con algo de pavimento para que os días de praia os coches poidan aparcar mellor, pero cun nivel sempre inferior ao do camiños para que a auga nos días de choiva baixe por alí e non polo camiño. Respecto da rotonda entende que é a que está na entrada do polígono, a que está xusto ao lado da nacional e esa rotonda é íntegra do Concello de Cabanas, di que llo vai trasladar ao Concello de Cabanas e que tamén quere recordar que no primeiro treito no que acaba a vía rápida de Ares e Mugardos hai unha zona na marxe dereita que está sen luz que é do Concello de Fene e aí tamén se ten pedido unha subvención á Xunta de Galicia para poñer alumeadado, que non é tan grave porque só falla a luz por un lado e que se ve algo, que non está a escuras e que a subvención veu denegada e haberá que buscar cartos para poder realizar esta obra. En relación co camiño que hai ao lado da rúa dos Mirtos di que está preparada a base do camiño para pavimentar e que se fará no contexto doutras obras e camiños municipais para agrupar traballos e abaratar o prezo. Respecto do tema saharauí di que non vai pasar vergoña, xa que eles, igual que fixo o Concello dende hai anos están en contacto permanente coa asociación, que el particularmente colaborou con ela e segue a colaborar e seguen a estar en contacto con eles para desenvolver calquera tipo de actividade que estimen conveniente e nas que se puidese axudar. En relación co asunto do transporte metropolitano é certo que estes días saíu na prensa que o mes pasado quedaban tres Concellos da comarca en ratificar ese acordo, Ferrol, Narón e Fene, os tres máis grandes, e tampouco é por casualidade, xa que son os tres Concellos que máis van pagar, pero o tema dos cartos non é o máis grave, aínda que os hai que buscar e ter previsto e é certo que están no orzamento, que logo de que entre en vigor están dispostos para poder aprobar ese plan metropolitano, que o máis grave para el é que este Pleno ten un acordo, cree que por unanimidade, para esixirlle á Xunta de Galicia unha serie de melloras neste Plan de transporte metropolitano, que a día de hoxe cree que seguen a ser moi necesarios, xa que precisamente na proxección que a Xunta fai para ver os cartos que vai ter que gastar o Concello nos próximos anos no Plan dise que no ano dous mil trece estiman que hai que poñer cen mil euros para sufragar o Plan, hoxe estase nunha cantidade moito menor, nuns dezaseis ou dezaioito mil euros aproximadamente, polo que están dispostos a asumir un incremento, se con iso se consegue unha mellora do servizo para os veciños e veciñas de Fene, que é o acordado polo Pleno do Concello de Fene, primeiro a liña circular ao redor da ría, segundo a liña de transporte máis directo ao Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide e terceiro a mellora da conexión entre puntos do Concello, que é certo que para que non o teña que asumir Fene ao cen por cento terá que pasar por outros Concellos e será un servizo compartido entre Pontedeume, Cabanas e Fene, conectando polígonos industriais e os núcleos de cada un dos Concellos, e por suposto mellorar as frecuencias da conexión de Fene con Ferrol, que nas conversas coa Xunta de Galicia, e sabendo que todo isto está recollido nas declaracións de intencións do Convenio e que eles o que lle dixeron á Xunta de Galicia é que lles digan cando e como, que cales van ser as paradas do bus e demais e a Xunta resposta que primeiro é aprobar o convenio e que logo se traballará en todo isto, que a posición de forza de Fene cal é, pregunta, e repostada dicindo que todos os

Concellos que se queiran incorporar a este Plan necesitan que os inmediatamente anteriores estean sumados, entón se Fene non se suma non se pode sumar Cabanas, Pontedeume, Ares ou Mugarbos, e a presión de Fene vén por aí, en facer valer a súa posición para que se lles dea por escrito, ou se confirme, que o que se pide vai ser cumprido e resume que o Convenio terá que ser traído a Pleno para poder ser aprobado e espera que no momento en que se traia, que pode ser no mes de setembro co orzamento en vigor, poder traelo co compromiso da Xunta de Galicia de executar esas melloras que o Concello de Fene ten solicitado para sumarse, xa que se non, sinceramente, cree que sen esas melloras para que pagar máis, que siga en vigor o que hai co servizo que hai.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro de Urbanismo, quen unha vez concedida, manifesta respecto da cesión da praza do Perla que cando se inicia a responsabilidade da Área de Urbanismo pensaba que a cesión estaba resolta, xa que o edificio ten unha licenza do ano dous mil catro ou dous mil cinco, que é un edificio nun área conveniada prevista no PXOM aprobado no ano dous mil tres, polo cal o promotor cede a zona superficial a cambio de que a zona soterrada sexa particular coma garaxe, cousa criticada no seu momento, que en todo caso a tramitación das licenzas sempre levan implícito que o promotor teña que facer a cesión correspondente da zona de dominio público ou da zona, neste caso, superficial a través de documento notarial ou a través de documento público, que nese momento el pensa que non hai ese documento pero o que si hai é un documento asinado polo goberno municipal e a propiedade polo que ao Concello lle corresponde a parte superficial e demais, que no edificio a xente está vivindo dende dous mil seis ou dous mil sete polo menos e sempre deu por feito que todo isto estaba claro, que non hai licenza de primeira ocupación e agora se está tramitando.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo mixto, Manuel Sánchez Martínez, quen unha vez concedido expón que aínda que el non puido acudir a aquela reunión, da lectura da acta se deduce que foi por unanimidade dos asistentes, pola que se produzo a cesión da praza ao Concello, que fai tres ou catro meses os propietarios quedaron en presentala no Concello. Quería tamén rogar respecto dunha débeda cunha voluntaria de Protección Civil á que se lle deben dous centos cincuenta euros coma consecuencia dos gastos producidos por un accidente no temporal do Klaus, xa fai case que dous anos, e pensa que vai sendo hora que se lle pague, respecto a Protección Civil tamén quere rogar polo pagamento dunha débeda de catrocentos euros polas actuacións da Feira Medieval, e suxire, para que estes temas non volvan ocorrer que se faga unha partida que estea destinada a Protección Civil para asuntos semellantes, xa que estes casos lle parecen lamentables. Respecto as queixas de que hai vertedoiros incontrolados, concretamente a que fai a asociación Aena que denuncia un vertedoiro en Vilar do Colo, na praia de Maniños, polo que roga que a Policía Municipal tomen medidas para evitar este tipo de actuacións. Que roga que se axilice o máis posible o asunto do transporte metropolitano entre os tres Concellos que fallan por asinar o Convenio e a Xunta de Galicia. Tamén quere preguntar, respecto dos prezos da auga que pretende facer a empresa subministradora, que se dixo que se ía facer un estudo e si se ten coñecemento del, xa que Ferrol pensa aprobar en Pleno unha suba que sería asumida por Narón e Fene para compensar o prezo deficitario da auga, polo que sería necesario desenvolver este estudo.

De seguido intervén o alcalde para responder, respecto desta última pregunta que o Concello de Ferrol aprobou cos votos a favor do PP, EU, BNG e de Independentes por Ferrol e coa oposición do goberno municipal, o Partido Socialista, subirlle a auga ao Concello de Fene e a Narón, e que á marxe dos estudos que debería ter Fene do custe do servizo, do que custa a auga, de o que debería cobrar ou non Aquagest, xa que é un tema que está enriba da mesa dende hai tempo, xa que Aquagest quere subir o prezo e o Concello non, pero sobre o prezo da auga que o Concello de Ferrol lle vende a Fene parécelle totalmente inxusto que o

Concello de Ferrol salve o déficit de Emafesa subindo o prezo aos veciños de Fene e de Narón que van pagar a mala xestión que Ferrol fixo da empresa pública e pensa que non procede, cando todo o mundo sabe, que tamén se fixo publicamente neste Pleno, que cando se iniciou este mandato, había unha decisión do Partido Popular de Ferrol, do goberno de Juncal polo cal subía dun ano para outro e unilateralmente por parte de Ferrol, a auga a todos os Concellos da ría, que pasaba de sete céntimos que se pagaba daquela a catorce céntimos, co que se conseguiu que se plantasen todos os Concellos e non se lle pagara a auga a Ferrol durante o ano dous mil sete, logo co cambio de goberno municipal de Ferrol se chegou a un acordo polo cal os Concellos asumían o incremento do prezo da auga pero prorrateado ao longo de varios anos e de xeito escalonado, xa que sete céntimos era un prezo moi inferior ao prezo ao que se está a mercar a auga noutros Concellos de Galicia, que a día de hoxe aínda non se chegou a ese tope de quince céntimos que prevía o convenio e polo tanto ese convenio asinado hai tres anos está totalmente en vigor, é máis, o convenio se asinou coa tranquilidade de vinte anos, xa que era de dez anos máis outros dez se ninguén o denuncia, co cal, particularmente, a súa opinión é que Fene ten un convenio asinado con Ferrol e que non hai convenio novo que se asine porque o prezo da auga está xa en termos máis que razoables, e se o Concello de Ferrol ten algún tipo de problema con Emafesa a empresa é súa e que a xestione e non que asuman a súa débeda os veciños de Narón ou Fene, que se non que a comarcalicen e que cedan a empresa á Mancomunidade e que participen todos os Concellos na explotación da empresa e polo tanto todos participaremos dos beneficios ou das perdas que teña.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás trece horas e corenta do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto a presente acta, do que eu, secretario, dou fe.

Visto e prace,  
O alcalde-presidente

O secretario

Iván Puentes Rivera

Jesús Tallón García